

INFORME DE INTERVENCIÓN

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2024

Expte.: 2023/T004/000001

Función de control interno: control financeiro permanente, informe do proxecto de orzamentos

1. NORMATIVA APLICABLE

A normativa en virtude da cal se emite este informe é a que segue:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL): artigo 168.4
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RO): artigo 18.4
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local (RCI): artigo 29
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico da Administración Local con habilitación de carácter nacional: artigo 4.1.b.2º

A normativa aplicable á elaboración e tramitación do expediente orzamentario e seguida por esta Intervención para a emisión do presente informe é a seguinte:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL)
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL)
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP)
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA)

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RO)
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, de réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local (TRRL)
- Real Decreto 2568/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG)
- Lei 31/2022, do 2022, do 23 de decembro, dos Orzamentos Xerais do Estado para 2023 (LOXE 2023)
- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

2. ANTECEDENTES

Remíteselle a esta Intervención o proxecto de Orzamento de 2024, composto da seguinte documentación:

Artigo 165 TRLFL:

Estado de ingresos e gastos (sen déficit inicial: artigo 165.4 TRLFL)

Bases de execución (BEO)

Artigo 166 TRLFL:

Plan de investimento e financiamento para un prazo de catro anos (potestativo)

Anexo da débeda: o estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao

principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o exercicio

Artigo 168 TRLFL:

- Memoria da Alcaldía explicativa do contido do orzamento e das principais modificacións que presenta
- Anexo do persoal da entidade
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio
- Anexo dos beneficios fiscais nos tributos locais contendo a información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pagamento e os dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como a aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que os ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento ao que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento
- Liquidación do orzamento de 2022
- Avance da liquidación do orzamento de 2023
- Avance da liquidación do orzamento de 2024

Artigo 90.1 LBRL:

- Cadro de persoal

3. INFORME

3.1 ASPECTOS DE LEGALIDADE

3.1.1 Contido do expediente

O expediente está composto da seguinte documentación:

- Artigo 165 do TRLFL, que fai referencia aos estados de gastos e ingresos, así como ás bases de execución.
- Artigo 166 do TRLFL, que enumera os anexos do orzamento, que no caso do Concello de Rianxo, é o anexo da débeda o que ten carácter obrigado.
- Artigo 168 do TRLFL, que fai referencia á seguinte documentación: Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente; liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente; anexo de persoal; anexo de investimentos e informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

De acordo coa enumeración dos antecedentes expostos anteriormente, **constátase o cumprimento do contido mínimo** do expediente orzamentario.

3.1.2 Tramitación do orzamento

A tramitación que debe seguir o expediente orzamentario, unha vez completada a súa elaboración e previo informe desta Intervención, está prevista nos artigos 168 e 169 do TRLF e que pode resumirse así:

- Aprobación inicial polo Pleno
- Exposición pública, tras o seu anuncio no BOP, durante un período de 15 días hábiles. Durante a exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente orzamentario e presentar reclamacións ante o Pleno.
- Resolución de reclamacións, no seu caso, polo Pleno no prazo máximo dun mes desde a finalización do período de exposición pública.
- Aprobación definitiva do orzamento polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións, o orzamento entenderase definitivamente aprobado tras o período de exposición pública.
- De acordo co artigo 8.1.d) da Lei de transparencia, deberá publicarse polo concello a información relativa a *“os orzamentos, coa descrición das principais partidas orzamentarias e a información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución*

e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira das Administracións Públicas”.

De acordo co artigo 22.2.e) LBRL, a competencia para a aprobación do orzamento reside no Pleno. Requírese maioría simple para a súa aprobación.

3.1.3 Tramitación do cadro de persoal

O procedemento da aprobación do cadro de persoal está previsto nos artigos 126 e seguintes do TRRL. Os trámites son os seguintes e realízanse conxuntamente coa tramitación do orzamento, cos mesmos trámites:

- Aprobación inicial polo Pleno
- Exposición pública, tras o seu anuncio no BOP, durante un período de 15 días hábiles. Durante a exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente orzamentario e presentar reclamacións ante o Pleno.
- Resolución de reclamacións, no seu caso, polo Pleno no prazo máximo dun mes desde a finalización do período de exposición pública.
- Aprobación definitiva do orzamento polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións, o orzamento entenderase definitivamente aprobado tras o período de exposición pública.
- Publicación do cadro de persoal no BOP, xunto co resumo por capítulos do orzamento.
- Remisión ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Necesidade de negociación colectiva

O procedemento de aprobación do orzamento municipal non prevé a necesidade de negociación colectiva, polo que haberá que comprobar no artigo 37 TREBEP se o contido do anexo e do cadro de persoal afectan a algunha das materias que deben ser obxecto de negociación colectiva.

Artigo 37. Materias obxecto de negociación.

1. Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

- a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas que se estableza na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e das comunidades autónomas.*
- b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios.*
- c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.*

- d) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño.*
 - e) Os plans de Previsión Social Complementaria.*
 - f) Os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna.*
 - g) Os criterios xerais para a determinación de prestacións sociais e pensións de clases pasivas.*
 - h) As propostas sobre dereitos sindicais e de participación.*
 - i) Os criterios xerais de acción social.*
 - j) As que así se establezan na normativa de prevención de riscos laborais.*
 - k) As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, cuxa regulación esixa norma con rango de lei.*
 - l) Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.*
 - m) As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos.*
- 2. Quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación, as materias seguintes:*
- a) As decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización.*
Cando as consecuencias das decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos contempladas no apartado anterior, procederá a negociación das devanditas condicións coas organizacións sindicais a que se refire este Estatuto.
 - b) A regulación do exercicio dos dereitos dos cidadáns e dos usuarios dos servizos públicos, así como o procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas.*
 - c) A determinación de condicións de traballo do persoal directivo.*
 - d) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.*
 - e) A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional.*

O Concello de Rianxo non dispón de RPT aprobada, polo que o único instrumento de organización de persoal do que dispón é o cadro de persoal e a oferta pública de emprego, que deberá aprobarse no prazo dun mes desde a aprobación do orzamento (artigo 128.1 TRRL).

A xurisprudencia considera que o cadro persoal non é obxecto de negociación, en tanto que é *unha típica manifestación da potestade organizativa do concello a confeccionar anualmente a través do orzamento* (FX 5ª da STS do 09/04/2014). Si existiría obriga de negociación no caso de que o cadro de persoal tivese modificacións que afectasen ás condicións de traballo do persoal ou permitise a modificación da RPT. Dado que este concello non dispón de RPT, o suposto que

esixiría negociación sería calquera cambio que afecte a natureza dos postos de traballo, ao seu contido ou que modifique condicións de traballo¹.

Polo tanto, é preciso determinar cales son os cambios introducidos no cadro de persoal para comprobar se precisa de previa negociación ou non:

1º) Inclusión de novo persoal indefinido-descontinuo para incluír nunha oferta complementaria da extraordinaria de estabilización, ao cumprir cos requisitos da Lei 20/2021: peóns de limpeza de praias (7), auxiliares de policía (2) e persoal técnico de museos (2).

Esta medida non só é unha manifestación da potestade de auto-organización, senón que deriva dunha obriga legal. As condicións de traballo que se establecen nas súas retribucións son as que viñan percibindo. En consecuencia, considero que esta medida non esixe negociación colectiva previa.

2º) Eliminación de prazas que non están cubertas: condutor/a de ambulancia e normalizador/a lingüístico/a. Forma parte da potestade de auto-organización e non require de negociación colectiva.

3º) Creación de novas prazas para a súa inclusión na oferta de emprego público de 2024: arquitecto/a técnico/a e técnico/a de tesourería. A súa creación forma parte da potestade de auto-organización. O único aspecto que afecta ás condicións de traballo é a determinación das súas retribucións. Isto plásmase no anexo de persoal a falta dunha RPT, o instrumento axeitado para definir as ditas cuestións. Se ben a praza de arquitecto técnico xa existiu e mantén as mesmas retribucións, actualizadas de acordo coas diferentes leis de orzamentos do Estado, a praza de técnico/a de Tesourería é de nova creación. As súas retribucións son as mesmas que a praza de técnico/a de Administración Xeral, seguindo o criterio utilizado no caso de persoal laboral temporal: asignar as retribucións doutros postos de traballo equivalentes en categoría. Isto evidencia a necesidade de retomar o expediente da RPT, básico en toda Administración para a xestión do persoal.

4º) O resto de cambios unicamente supón cambios na imputación orzamentaria no anexo de persoal, nin sequera afectan ao cadro de persoal.

- 1 FX 5º da sentenza do Tribunal Supremo do 09/04/2014: "1.Así a STS do 16 de novembro de 2001, recurso de casación 7185/1997, FJ 7º, esgrimida polo Concello recorrente, declarou que o persoal é un instrumento de ordenación do persoal que se presenta como unha típica manifestación da potestade organizatoria do Concello para confeccionar anualmente a través de o orzamento. Concluíu no mesmo FX sétimo que non era preciso que "a modificación de o persoal deba someterse á negociación cos Sindicatos a través da Mesa de negociación" ao entendela excluída das materias aludidas no art. 32 da Lei 9/1987 e se incluía entre as que, en aplicación do art. 34.2 da mesma Lei, require o sometemento a informe nos termos dos arts. 30 e 31.2 ao preponderar os "aspectos organizatorios e orzamentarios propios da potestade organizatoria municipal."
- 2. A anterior doutrina é reiterada na STS do 20 de outubro de 2008, recurso de casación 6078/2004, FX 3º, aínda que engade un aspecto relevante no que aquí concierne. E é que (FJ 4º) supoñería vulneración do dereito á negociación colectiva se a aprobación de os persoais permitise a modificación da Relación de Postos de Traballo, transformando "a natureza de dous postos de traballo, que pasan de estar reservados a funcionarios de carreira, a ser persoal eventual".
 - 3. Na STS do 17 de xullo de 2012, recurso de casación 3547/2011 tómase en conta o art. 90.1 LBRL e o 126.1. do TRRL para con transcripción da STS do 20 de outubro de 2008, recurso de casación 6078/2004 afirmar no seu FX 4º que "a aprobación de o Persoal Orgánico non é senón a aprobación dunha partida de os orzamentos, que poderá prever un número de funcionarios menor que o establecido na Relación de Postos de Traballo (ao existir por exemplo vacantes que por motivos orzamentarios decidase non cubrir) pero que non pode contradicir no contido, natureza e número máximo de prazas, ás previsións previstas na Relación de Postos de Traballo."

En consecuencia, considero que **é necesario acreditar a existencia de negociación cos representantes de persoal en relación á modificación de xornadas parciais en xornadas completas**. No resto de aspectos sería conveniente acreditar que tiveron acceso á dita información.

No expediente consta un documento que acredita o cumprimento dos requisitos anteriores, polo que conclúo que o procedemento se tramitou con suxeición a dereito.

3.1.4 Fiscalización doutros aspectos de legalidade orzamentaria

3.1.4.1 Gastos de persoal

a) Actualización retributiva

Os créditos orzamentarios recollen a previsión de incremento das retribucións do persoal anunciada polo Goberno do Estado e que supoñen un aumento do 2 por cento coa posibilidade doutra subida adicional do 0,5 por cento, vinculada ao Índice de Prezos ao Consumo Armonizado (IPCA).

b) Límites das retribucións do persoal funcionario

O artigo 7 do RD 861/1986, do 25 de abril establece:

Artigo 7.º Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.

1. Os créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

2. A cantidade que resulte, conforme o disposto no número anterior, destinarase:

a) Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidad ou perigo para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.

b) Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.

c) Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

A continuación verifarei se os ditos límites están a cumprirse:

1º) Cálculo da base de aplicación de límites

(A) RETRIBUCIÓN BÁSICAS	289,412.94
(B) CD	150,770.10
(C) CE	181,408.93
(D) DIFERENZAS DE R.	6,500.00

COMPLEMENTARIAS (NOM. ACCIDENTAIS)	
(E) PRODUTIVIDADE	0.00
(F) GRATIFICACIÓNS	107,030.00
(G) = (A)+(B)+(C)+(D)+(E)+(F) MASA RETRIBUTIVA GLOBAL	735,121.96

(H) = (G)-(A)-(B) BASE DE APLICACIÓN DE LÍMITES	294,938.93
---	------------

2º) Cálculo dos límites e do seu cumprimento:

CONCEPTO RETRIBUTIVO	% LÍMITE	LÍMITE	IMPORTE NO ORZAMENTO 2024	CUMPRE
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	75.00%	221,204.20	181,408.93	SI
PRODUTIVIDADE	30.00%	88,481.68	0.00	SI
GRATIFICACIONES	10.00%	29,493.89	107,030.00	NON

Como é habitual, non se cumpre o límites das gratificacións. De igual modo que en informe de exercicios anteriores, indico que constátase un incumprimento, pero que a normativa non establece consencuencias nin a adopción de medidas correctoras neste caso.

c) Inclusión de novas prazas na oferta extraordinaria de estabilización

En relación ás prazas que se pretenden incluír no proceso de estabilización de emprego temporal da Lei 20/2021, considero que debe ser obxecto de informe no expediente correspondente, non procedendo nesta fase procedimental.

3.1.4.2 Regra da afectación

De acordo ca normativa das facendas locais, os ingresos de capital son ingresos afectados a gastos de capital: é a chamada *Regra de afectación*.

A comprobación do cumprimento farase, en termos globais, comprobando que os gastos de capital (capítulos 6 a 9 do estado de gastos) son superiores ca os ingresos de tal natureza (capítulos 6 a 9 do estado de ingresos), xa que do contrario, estes estarían financiando gastos correntes:

GASTOS DE CAPITAL	INGRESOS DE CAPITAL
1.041.465,95	663.160,25

Estase a cumprir a *regra da afectación*, xa que os ingresos de capital (financeiros e non financeiros) financian exclusivamente gastos desa mesma natureza. Esta mesma conclusión extráese do Anexo de Investimentos.

3.1.4.3 Bases de Execución do Orzamento (BEO)

Considero que as BEO axústanse ao ordenamento xurídico.

3.2 ASPECTOS DE CARÁCTER ECONÓMICO

3.2.1 Suficiencia dos créditos iniciais

Neste apartado hai que ter en conta dos tipos de obrigas:

- As que derivan da xestión do exercicio corrente.
- As xeradas no ano 2023 e que quedaron como débeda comercial: son os gastos incluídos na conta (4131X).

A memoria da Alcaldía establece para estas últimas que *a súa cobertura nos créditos iniciais do orzamento é inviable, dado o seu importe, polo que atenderanse co remanente de tesourería para gastos xerais, que estará dispoñible tras a aprobación da liquidación do Orzamento de 2023.*

A liquidación do orzamento de 2023 está aínda pendente de elaboración, polo que non se dispón da cifra definitiva do remanente de tesourería. Nun contexto no que o importe de facturas pendentes de aprobaclón a 31/12/2023 superou o millón de euros, o seu financiamento co remanente de tesourería é a mellor das opcións, xa que, efectivamente, o seu financiamento cos créditos iniciais do orzamento suporía un prexuízo definitivo para financiar os gastos do exercicio corrente (o 2024), pois serían claramente insuficientes.

En canto á suficiencia dos créditos iniciais para os gastos previstos deste exercicio, considero que estase a presentar unha dotación moi axustada á vista da evolución dos gastos correntes do capítulo 2 nos últimos anos. Nunha aproximación, compararei os créditos iniciais da proposta de orzamento co gasto realizado en 2023:

GRUPO DE PROGRAMA/PROGRAMA DE GASTO (CAP 2)	DESCRICIÓN	ORN 2023	APLICACIÓN DE GASTOS DE 2022 DA (4131X)	GASTO XERADO E APLICADO EN 2023	GASTOS INCLUÍDOS NA (4131X) 2023	GASTO TOTAL 2023
151	URBANISMO	25,006.72	0.00	25,006.72	3,368.64	28,375.36
153	VÍAS PÚBLICAS	17,255.17	0.00	17,255.17	593.41	17,848.58
160	SANEAMENTO	161,072.56	0.00	161,072.56	223,416.93	384,489.49
161	ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE	34,683.56	2,866.03	31,817.53	132.93	34,816.49

GRUPO DE PROGRAMA/PROGRAMA DE GASTO (CAP 2)	DESCRICIÓN	ORN 2023	APLICACIÓN DE GASTOS DE 2022 DA (4131X)	GASTO XERADO E APLICADO EN 2023	GASTOS INCLUÍDOS NA (4131X) 2023	GASTO TOTAL 2023
1621	RECOLLIDA DE RSU	373,728.01	0.00	373,728.01	2,716.57	376,444.58
1622	XESTIÓN DE RSU	58,907.57	4,271.60	54,635.97	893.80	59,801.37
1623	TRATAMENTO DE RSU	200,381.65	0.00	200,381.65	0.00	200,381.65
163	LIMPEZA VIARIA	118,384.55	0.00	118,384.55	6,476.39	124,860.94
164	SERVIZOS FÚNEBRES	307.55	13.30	294.25	21.08	328.63
165	ALUMEADO PÚBLICO	486,126.67	27,127.98	458,998.69	27,894.87	514,021.54
171	PARQUES E XARDÍNS	39,196.34	20.26	39,176.08	4,540.05	43,736.39
1722	MEDIO AMBIENTE	158,828.56	121.00	158,707.56	18,550.16	177,378.72
454	CAMIÑOS E PISTAS	176,215.19	0.00	176,215.19	1,830.98	178,046.17

GRUPO DE PROGRAMA/PROGRAMA DE GASTO (CAP 2)	DESCRICIÓN	ORN 2023	APLICACIÓN DE GASTOS DE 2022 DA (4131X)	GASTO XERADO E APLICADO EN 2023	GASTOS INCLUÍDOS NA (4131X) 2023	GASTO TOTAL 2023
151	URBANISMO	25,006.72	0.00	25,006.72	3,368.64	28,375.36
153	VÍAS PÚBLICAS	17,255.17	0.00	17,255.17	593.41	17,848.58
160	SANEAMENTO (*)	390,074.95	0.00	390,074.95	223,416.93	613,491.88
161	ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE (*)	177,740.64	2,866.03	174,874.61	132.93	177,873.57
1621	RECOLLIDA DE RSU	373,728.01	0.00	373,728.01	2,716.57	376,444.58
1622	XESTIÓN DE RSU	58,907.57	4,271.60	54,635.97	893.80	59,801.37
1623	TRATAMENTO DE RSU	200,381.65	0.00	200,381.65	0.00	200,381.65
163	LIMPEZA VIARIA	118,384.55	0.00	118,384.55	6,476.39	124,860.94
164	SERVIZOS FÚNEBRES	307.55	13.30	294.25	21.08	328.63
165	ALUMEADO PÚBLICO	486,126.67	27,127.98	458,998.69	27,894.87	514,021.54
171	PARQUES E XARDÍNS	39,196.34	20.26	39,176.08	4,540.05	43,736.39
1722	MEDIO AMBIENTE	158,828.56	121.00	158,707.56	18,550.16	177,378.72
454	CAMIÑOS E PISTAS	176,215.19	0.00	176,215.19	1,830.98	178,046.17

(*) As obrigas recoñecidas netas (ORN) teñen deducido o gasto derivado dos padróns de auga e saneamento, co fin de comparar cifras homoxéneas cos créditos iniciais do 2023

Da dita comparación resultan desviacións na meirande parte dos grupos de programa. Os valores negativos reflicten que a dotación dos créditos iniciais de 2024 é inferior ao gasto devindicado en 2023.

GRUPO DE PROGRAMA/PROGRAMA DE GASTO (CAP 2)	DESCRIPCIÓN	GASTO TOTAL 2023	CI 2024	DIFERENZA GASTO TOTAL 2023 E CI 2024
151	URBANISMO	28,375.36	65,028.00	36,652.64
153	VÍAS PÚBLICAS	17,848.58	20,000.00	2,151.42
160	SANEAMENTO	384,489.49	341,731.00	-42,758.40
161	ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE	34,816.49	30,500.00	-4,316.49
1621	RECOLLIDA DE RSU	376,444.58	419,175.00	42,730.42
1622	XESTIÓN DE RSU	59,801.37	46,049.88	-13,751.49
1623	TRATAMENTO DE RSU	200,381.65	195,145.00	-5,236.65
163	LIMPEZA VIARIA	124,860.94	122,000.00	-2,860.94
164	SERVIZOS FÚNEBRES	328.63	400.00	71.37
165	ALUMEADO PÚBLICO	514,021.54	167,260.00	-346,761.54
171	PARQUES E XARDÍNS	43,736.39	18,800.00	-24,936.39
1722	MEDIO AMBIENTE	177,378.72	154,693.57	-22,685.15
454	CAMIÑOS E PISTAS	178,046.17	98,000.00	-80,046.17

Destaca a desviación no servizo de alumeado público e, en segundo lugar, o gasto en mantemento de camiños e pistas. A memoria da Alcaldía xustifica unha redución considerable do gasto porque *estase tramitando a incorporacion ao acordo marco da FEMP*, en relación ao subministro de enerxía eléctrica. Aínda así, paréceme difícil de xustificar e considero que os créditos non serán suficientes para atender as necesidades do servizo ata final de ano.

En relación ás demais áreas de gasto, obérvase en xeral que os créditos están moi axustados, especialmente nas aplicacións de enerxía eléctrica. Nestes casos debe haber un seguimento moi exhaustivo da execución do gasto por parte das áreas xestoras, co fin de poñer en perigo o equilibrio orzamentario.

3.2.2 Avaliación das previsións de ingresos

Considero que as previsións de ingresos están xustificadas no informe de Tesourería, noutro informe de Intervención e no informe económico-financeiro da Alcaldía.

3.2.3 Aforro neto (AN)

O aforro neto é unha das principais magnitudes a ter en conta pola súa relevancia. Reflicte a capacidade da entidade para xerar excedente de recursos ordinarios que se poden destinar ao financiamento de investimentos, asunción de carga financeira ou establecemento ou ampliación de servizos que xeren gastos correntes de natureza estrutural.

O cálculo que se vai realizar é unha aproximación ao aforro neto, xa que terei en conta os ingresos correntes e non os liquidados do exercicio anterior.

A definición legal desta magnitude está prevista no artigo 53.1 TRLFL:

"(...) A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)

No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesouraría. (...)"

A DA 14ª RDL 20/2011, do 30 de decembro modificou o cálculo do aforro neto modificando, á súa vez, o artigo 14 do RDL 8/2010, do 20 de maio. Asemade, a DF 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado modificou a DA 14ª RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

"Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñan a consideración de ingresos ordinarios".

A continuación detallarei o cálculo do aforro neto:

1º) Cálculo dos ingresos correntes axustados: 8.335.625,96 €

CAP	INGRESOS CORRENTES	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2,927,826.12
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	180,146.51
3	TAXAS, PREZOS Pº E OUTROS INGRESOS	1,303,812.92
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4,204,407.24
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0.00

CAP	INGRESOS CORRENTES	IMPORTE
	TOTAL	8,616,192.79

INGRESOS CORRENTES EXTRAORDINARIOS	280,566.83
DERIVADOS DA ACTIVIDADE INSPECTORA	171,791.87
COBROS PENDENTES DE APLICACIÓN ORZAMENTARIA	70,938.00
OUTROS	37,836.96

INGRESOS CORRENTES AXUSTADOS	8,335,625.96
-------------------------------------	---------------------

2º) Cálculo dos gastos axustados ao grao de execución dos capítulos 1, 2 e 4: 7.214.240,30 €

O grao de execución, calculado no informe sobre o cumprimento dos obxectivos da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Esta porcentaxe ascende a 88,38 por cento, polo que a non execución dos créditos de gastos estímase nun 11,62 por cento.

CAP	GASTOS CORRENTES	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	3,174,923.35
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	4,690,610.73
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	297,218.01
	TOTAL	8,162,752.09

ESTIMACIÓN DE GASTOS NON EXECUTADOS (88,38%)	948,511.79
---	------------

GASTOS CORRENTES AXUSTADOS	7,214,240.30
-----------------------------------	---------------------

3º) Cálculo da anualidade teórica de amortización (ATA): 548.100,89 €

Préstamo	Entidade	Capital vivo	Tipo xuro	Periodicidade na liquidación	Prazo restante para amortizar	Tipo de xuro a aplicar	ATA
PAI 2015	DEPUTACIÓN	204,423.20	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	20,442.32

Préstamo	Entidade	Capital vivo	Tipo xuro	Periodicidade na liquidación	Prazo restante para amortizar	Tipo de xuro a aplicar	ATA
	PROVINCIAL						
PAI 2016	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	222,852.95	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	22,285.30
POS 2017	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	184,769.03	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	18,476.90
POS 2018	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	42,394.18	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	4,239.42
POS 2019	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	93,170.00	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	9,317.00
POS 2020	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	194,310.43	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	19,431.04
POS 2021	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	56,574.89	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	5,657.49
POS 2023	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	5,200.31	0.00 %	Semestral	10 anos	0.00 %	520.03
534588 PAZO DE RIANXIÑO	BANCO DE SABADELL	933,279.62	EUR 3M + 0,38	Trimestral	5,25 anos	4.38 %	199,956.26
489825 IDAE	BANCO DE SABADELL	62,241.22	EUR 3M + 0,66	Trimestral	1,75 anos	4.66 %	37,243.00
689108 PAZO DE MARTELO	ABANCA	1,090,639.26	EUR 3M + 0,84	Trimestral	6 anos)	4.84 %	210,532.22
	TOTAL						548,100.98

4º) Cálculo do aforro neto (AN): 573.284,68 €

DESCRICIÓN	IMPORTE
(A) INGRESOS CORRENTES AXUSTADOS	8,335,625.96
(B) GASTOS CORRENTES AXUSTADOS	7,214,240.30
(C) = (A) - (B) AFORRO BRUTO	1,121,385.66
(D) ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN	548,100.98
(E) = (C) - (D) AFORRO NETO	573,284.68

Á vista das previsións do Orzamento de 2024 pode estimarse que o aforro nento que derive da súa execución é positivo.

3.3.4 Nivel de endebedamento (CV)

O nivel de endebedamento atópase por debaixo do límite do 75 por cento esixido para solicitar autorización para financiar novos investimentos. Non obstante, considero que non é prudente incrementalalo, dado que entre 2025 e 2026 iníciase o prazo de devolución dos préstamos da

Deputación Provincial, o que suporá que parte dos recursos ordinarios deberá destinarse a amortizar débeda financeira. Isto pode supoñer importantes tensións orzamentarias e de tesourería para atender os gastos derivados dos servizos en funcionamento.

ENDEBEDAMENTO PREVISTO A 31/12/2024	2,872,406.68
INGRESOS CORRENTES AXUSTADOS	8,335,625.96
NIVEL DE ENDEBEDAMENTO	34.46%

Este é o meu informe e as recomendacións que considero necesarias e convenientes para unha mellora da situación financeira e orzamentaria desta Administración, sen prexuízo doutra opinión superior tanto en dereito, como no aspecto económico-financieiro.

4. CONCLUSIÓNS

1. Esta Intervención emite o seguinte informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito. En canto á parte de fiscalización do informe emítese unha conclusión favorable coa seguinte excepción: non se cumpre a limitación do RD 861/1986 para as gratificacións do persoal funcionario. Este incumprimento non está previsto na normativa con ningunha consecuencia e a súa resolución pasaría por unha revisión da dotación de efectivos e organización do traballo nos departamentos afectados.
2. Adicionalmente, indícase que debe invertirse a tendencia de concesión directa de subvencións, tendo en conta o seu número e que seguen aumentando neste exercicio, e adoptar como regra xeral a concorrencia competitiva.
3. Suficiencia dos créditos de gasto: considero que os créditos iniciais están axustados e poden comprometer o cumprimento das obrigas derivadas da subministración de enerxía eléctrica.
4. Previsións de ingreso: considéroas fundamentadas.
5. Das previsións do Orzamento, estímase un aforro neto positivo e un nivel de endebedamento inferior ao 75 por cento dos ingresos correntes axustados.
6. Considero que as BEO son axustadas a dereito.

Rianxo, asinado dixitalmente.

A interventora, Patricia Fernández Pérez